

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.^a,
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 11.10.2017 Hora: 16:00

A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 11 de outubro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 3189 (10/POC-002965)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a situación actual do monumento de Santalla de Bóveda, as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para mellorar o seu estado de conservación e o cumprimento do acordo parlamentario ao respecto, así como as previstas no ano 2017 e a realización dun plan conxunto de investigación, rehabilitación, conservación e posta en valor
- 1.2 14124 (10/POC-002562)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 6 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego das actividades que se teñen levado a cabo para fomentar a proxección exterior da lingua galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017
- 1.3 16647 (10/POC-002886)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para a posta en marcha da Instrución 8/2017, que regula as funcións que debe desenvolver o persoal coidador do alumnado con necesidades educativas especiais nos comedores escolares dos centros de ensino público, a súa opinión respecto do cumprimento do Decreto 132/2013 e os dereitos dos traballadores, así como a negociación desas atribucións co persoal e representantes sindicais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 183, do 28.09.2017
- 1.4 16708 (10/POC-002900)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a situación en Galicia dos conservatorios profesionais de música de titularidade municipal, o apoio económico que lles vén prestado a

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dende o ano 2009 e a valoración da Xunta de Galicia en relación coas diferenzas existentes nos prezos dese servizo, así como as súas previsións respecto da asunción da totalidade das competencias en materia de ensinanzas musicais regradas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 183, do 28.09.2017

- 1.5 17026 (10/POC-002928)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a actuación levada a cabo pola Xefatura Territorial de Pontevedra en relación cos problemas que está a ocasionar a praga de ratas detectada no CPI da Cañiza, e as medidas previstas polo Goberno galego para evitar esta situación no futuro

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 183, do 28.09.2017

- 1.6 17223 (10/POC-002942)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre os datos referidos ás xuntanzas levadas a cabo pola Xunta de Galicia coa fundación encargada da xestión das visitas ao pazo de Meirás, así como os expedientes abertos polo incumprimento da normativa vixente ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 183, do 28.09.2017

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 16474 (10/PNC-001391)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de mantemento e recuperación do monumento de Santalla de Bóveda coa dotación orzamentaria necesaria para o seu desenvolvemento

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 178, do 20.09.2017

- 2.2 16981 (10/PNC-001413)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre o traslado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos centros educativos da información referida á realización das probas da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade do alumnado que está a cursar 2º de bacharelato na actualidade

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2017

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 11.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 11.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 3189(10/POC-002965)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a situación actual do monumento de Santalla de Bóveda, as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para mellorar o seu estado de conservación e o cumprimento do acordo parlamentario ao respecto, así como as previstas no ano 2017 e a realización dun plan conxunto de investigación, rehabilitación, conservación e posta en valor



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 3189
Data envío: 11/01/2017 14:20:53.695



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Na Comisión de Educación e Cultura do 19 de maio de 2016, foi aprobada por unanimidade unha Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista instando a Xunta de Galicia a, poñer en marcha de forma inmediata as accións máis urxentes para solucionar os problemas que se manifestan en Santa Eulalia de Bóveda e a iniciar un plan conxunto de investigación, rehabilitación, conservación e posta en valor deste importante monumento e de todo seu conxunto.

Un mes máis tarde, a través dos medios de comunicación, soubemos que a Consellería de Cultura pretendía facer un investimento de 44.500 euros no 2016 no arranxo de Santa Eulalia, aínda que consideraba que non podía tocar as pinturas ata que se reducira a humidade dentro do templo, circunstancia que xa se coñecía con anterioridade dado que a consellería afirma que realiza estudos continuos da súa situación dende 2013.

Tamén se comunicou que se faría unha medición en 3D do recinto e o seu contorno, pero dende ese momento non tivemos máis datos nin información sobre o feito en Santa Eulalia, o seu estado e as previsións de actuacións. Tampouco sabemos si a consellería pensa realmente facer o plan de intervención que aprobou o Parlamento, porque unha medición en 3D é unha ferramenta non un plan de investigación nin a difusión que tiveron os folletos que ao parecer se publicaron como información turística e cultural.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Cal é a situación actual de Santa Eulalia de Bóveda?



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2.^a) Que accións levou a cabo a Consellería de Cultura para mellorar o seu estado?

3.^a) Cal foi o orzamento investido no ano 2016?

4.^a) Que fixo a Consellería de Cultura para cumprir as resolucións do Parlamento de Galicia do 19 de maio de 2016?

5.^a) Pensa realizar a consellería o plan conxunto de investigación, rehabilitación, conservación e posta en valor de Santa Eulalia?

6.^a) Que accións pensa poñer en marcha en 2017?

7.^a) Cal foi a difusión e o método de difusión dos folletos informativos sobre Santa Eulalia de Bóveda?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López

Luis Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 11/01/2017 14:19:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/01/2017 14:19:53

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 11.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.2 14124(10/POC-002562)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 6 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das actividades que se teñen levado a cabo para fomentar a proxección exterior da lingua galega

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2017 10:02
Nº Rexistro: 14124
Data envío: 10/08/2017 10:02:17.656

Á Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo, Antonio Mouriño Villar e Moisés Rodríguez Pérez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**.

No Consello da Xunta celebrado o 4 de agosto de 2016, aprobábase o plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020, un documento que recolle as distintas medidas e accións para a implantación e consolidación do uso do idioma galego no sector económico, e que foi acordado e completado coas achegas de 314 axentes implicados no sector económico, ademais do Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega.

A posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en Universidades de América e de Europa é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión do galego no exterior, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes, ao observaren o interese e o recoñecemento que posúe fóra das fronteiras administrativas de Galicia.

Asemade, a proxección exterior do galego é un dos obxectivos do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade do parlamento galego no ano 2004.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte pregunta oral en Comisión:

-Qué valoración fai o goberno galego sobre as actividades que se teñen levado a cabo para fomentar a proxección exterior da Lingua Galega?

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2.017

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 10/08/2017 09:59:25

María Antón Vilasánchez na data 10/08/2017 09:59:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2017 10:02
Nº Rexistro: 14124**
Data envío: 10/08/2017 10:02:17.656

Teresa Egerique Mosquera na data 10/08/2017 09:59:43

Carlos Gómez Salgado na data 10/08/2017 09:59:56

Carlos Enrique López Crespo na data 10/08/2017 10:00:11

Antonio Mouriño Villar na data 10/08/2017 10:00:20

Moisés Rodríguez Pérez na data 10/08/2017 10:00:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 11.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.3 16647(10/POC-002886)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para a posta en marcha da Instrución 8/2017, que regula as funcións que debe desenvolver o persoal coidador do alumnado con necesidades educativas especiais nos comedores escolares dos centros de ensino público, a súa opinión respecto do cumprimento do Decreto 132/2013 e os dereitos dos traballadores, así como a negociación desas atribucións co persoal e representantes sindicais

Publicación da iniciativa, 183, 28.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 12:23
Nº Rexistro: 16647
Data envío: 15/09/2017 12:23:54.223

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o persoal coidador que atende o alumnado con NEEs nos comedores escolares xestionados polos concellos e entidades sen ánimo de lucro.

No presente curso académico 2017/2018 entrou en funcionamento a Instrución 8/2017 pola que se regulan as funcións a desenvolver polo persoal coidador de NEEs nos comedores escolares existentes nos centros de ensino público.

Nesta Instrución establécese, entre outras cuestións, que:

1º- As persoas coidadoras de estudantes con NEEs, durante o tempo da súa xornada laboral, asistirán e axudarán no comedor escolar e nos períodos anterior e posterior a devandito servizo, o alumnado que teñen asignado ao seu coidado.

2º- As persoas coidadoras de NEEs comerán xunto co alumnado ao que coidan, no comedor escolar, como comensais gratuítos.

Esta decisión adoptada pola Secretaría Xeral Técnica e a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos contravén o disposto no Decreto 132/2013 de comedores escolares dos centros públicos non universitarios dependentes da Consellaría de Educación pois, no artigo 3.4 do mesmo que obriga as empresas concesionarias dos comedores escolares xestionados polos concellos ou as ANPAs a prestar e organizar “de

xeito exclusivo os labores de atención e coidado dos alumnos nos comedores, mediante os seus propios medios persoais ou recorrendo á contratación con empresarios e empresas especializadas”.

Neste senso, a Instrución 8/2017 constitúe:

a) Unha mudanza unilateral das condicións de traballo dunha categoría profesional laboral do V Convenio Único da Xunta de Galiza pois non foron negociadas previamente coas persoas coidadoras de estudantes con NEEs nin coas organizacións sindicais.

b) Exime as empresas de catering contratadas para a prestación do servizo de comedor de cumprir coas súas obrigas, fixadas no propio decreto 132/2013 (artigo 3.4) cargando esas tarefas, alén do máis impropias de acordo co convenio colectivo, sobre o persoal coidador da Xunta.

A Secretaría Xeral Técnica e a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos materializan con esta Instrución o que, de facto, xa estaba a ser unha realidade desde hai anos. Tanto é así que na pasada lexislatura o deputado do BNG pola circunscrición de Lugo e voceiro desta organización na Comisión 4ª, Cosme Pombo, denunciou esta situación en sede parlamentaria exixindo explicacións.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que razón ou razóns motivaron a Instrución 8/2017 que regula as funcións a desenvolver polo persoal coidador de NEEs nos comedores escolares existentes nos centros de ensino público?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 12:23
Nº Rexistro: 16647
Data envío: 15/09/2017 12:23:54.223

- Cre a Xunta de Galiza que se está a cumprir o disposto no Decreto 132/2013 (artigo 3.4) e o V Convenio Único da Xunta?

- Foron negociadas coas traballadoras e traballadores así como coas organizacións sindicais que as representan estas atribucións?

- Pretende a Xunta de Galiza tentar legalizar o que podería constituír unha cesión ilegal de traballadoras/es?

- Por último, cre a Xunta de Galiza que é admisíbel no ano 2017, por parte dunha administración pública, o uso en documentos oficiais dunha linguaxe androcéntrica e non inclusiva como acontece neste caso co uso de termos como “neno con deficiencias” ou “minusvalía”?

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 12:23
Nº Rexistro: 16647
Data envío: 15/09/2017 12:23:54.223

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/09/2017 11:24:26

María Montserrat Prado Cores na data 15/09/2017 11:24:35

Ana Pontón Mondelo na data 15/09/2017 11:24:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/09/2017 11:24:39

Noa Presas Bergantiños na data 15/09/2017 11:24:40

Xosé Luis Bará Torres na data 15/09/2017 11:24:41

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 11.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.4 16708(10/POC-002900)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a situación en Galicia dos conservatorios profesionais de música de titularidade municipal, o apoio económico que lles vén prestado a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dende o ano 2009 e a valoración da Xunta de Galicia en relación coas diferenzas existentes nos prezos dese servizo, así como as súas previsións respecto da asunción da totalidade das competencias en materia de ensinanzas musicais regradas

Publicación da iniciativa, 183, 28.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 12:34
Nº Rexistro: 16708
Data envío: 18/09/2017 12:34:18.192

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a situación dos Conservatorios Profesionais de música na Galiza de titularidade municipal.

Na Galiza existen actualmente diversos concellos que contan con Conservatorios Profesionais de música municipais. No concreto: Culleredo, Carballo, Monforte, Vilalba, Viveiro, O Carballiño, Xinzo, Ribadavia, A Estrada, Cangas, Lalín, Pontearreas, Redondela, Vilagarcía, Noia, Arzúa, Betanzos, As Pontes, Melide, Ribeira, O Barco, Celanova, Verín, Cambados, Gondomar, Vilagarcía, A Guarda e Tui.

Neste senso, dos 36 conservatorios que imparten ensinanzas oficiais na Galiza apenas 7 son de titularidade da Xunta (A Coruña, Ferrol, Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo), os demais son municipais; un servizo impropio das administracións locais ao se tratar de ensinanzas musicais regradas cuxa xestión corresponde en exclusiva á Xunta. Porén, é unha realidade que existe.

Como consecuencia da progresiva redución dos fondos que a Consellaría de Educación, Cultura e O.U, destina ao apoio económico dos conservatorios e escolas de música municipais, os concellos tiveron serias dificultades para garantir a continuidade do servizo, véndose abocados na maior parte dos casos a incrementar as taxas que recadan pola matriculación do alumnado.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 12:34
Nº Rexistro: 16708

Data envío: 18/09/2017 12:34:18.192

Así, mentres as taxas dos conservatorios da Xunta de Galiza (de acordo co disposto no Decreto 89/2013 , do 13 de xuño) son de 137 euros para un curso completo de Grao elemental e 232 euros para o de grao profesional; nas Pontes o custe ascende a 430€, no Carballiño entre 685 e 856€ ou en Vilalba entre 396 e 514€.

Desde o BNG cremos que as ensinanzas musicais constitúen unha área de coñecemento fundamental para o desenvolvemento humano polo que o acceso a elas supón un dereito que debe ser garantido en condicións de igualdade para todas as persoas, independentemente do seu lugar de residencia. E neste senso, consideramos que debe ser a Xunta de Galiza, no exercicio das súas competencias, quen debe asumir a súa xestión.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a existencia de Conservatorios de música municipais?
- Canto alumnado estuda nos conservatorios de música municipais? Canto nos dependentes da Xunta de Galiza?
- Cónstanlle ao Goberno galego queixas por parte dos concellos nos que se ofrecen estas ensinanzas polo custe económico que lle supón o seu mantemento?
- Cantos fondos destinou a Consellaría de Educación, Cultura e O.U. desde 2009 ao apoio económico dos conservatorios municipais?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 12:34
Nº Rexistro: 16708

Data envío: 18/09/2017 12:34:18.192

- Como valora as diferenzas nos prezos deste servizo, quer entre concellos, quer a respecto dos Conservatorios xestionados directamente pola Xunta?
- Pensa o Goberno galego asumir na súa totalidade as competencias en materia de ensinanzas musicais regradas?
- Está a traballar nalgún plan nesta materia?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/09/2017 12:30:41



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 12:34
Nº Rexistro: 16708

Data envío: 18/09/2017 12:34:18.192

María Montserrat Prado Cores na data 18/09/2017 12:30:44

Ana Pontón Mondelo na data 18/09/2017 12:30:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/09/2017 12:30:47

Noa Presas Bergantiños na data 18/09/2017 12:30:48

Xosé Luis Bará Torres na data 18/09/2017 12:30:49

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 11.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.5 17026(10/POC-002928)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a actuación levada a cabo pola Xefatura Territorial de Pontevedra en relación cos problemas que está a ocasionar a praga de ratas detectada no CPI da Cañiza, e as medidas previstas polo Goberno galego para evitar esta situación no futuro

Publicación da iniciativa, 183, 28.09.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, para a súa **resposta oral na Comisión 4.ª**, relativa ao comedor de A Cañiza.

Dende En Marea entendemos que o servizo de comedor é un servizo educativo fundamental, toda vez que é o espazo natural de adquisición de hábitos de vida saudables, así como un espazo de socialización importante. Neste eido, o comedor escolar debe ser un servizo público e gratuíto para todo o alumnado, posto que combina tres dereitos fundamentais: o dereito ao ensino, o dereito á alimentación e o dereito á saúde. Ademais, é un servizo que facilita a conciliación familiar. Por todo iso, as institucións teñen a obriga de garantir a máxima calidade deste servizo.

A mediados de agosto, a Asociación de Nais, Pais e Alumnos de A Cañiza denunciou na Xefatura Territorial a existencia de roedores no almacén de víveres do CPI local, pero a Xefatura demorou dunha maneira imprudente a súa actuación. Pasado un tempo, a empresa contratada para levar a cabo a desratización, aplicou un primeiro produto que resultou ser ineficaz contra os ratos. A empresa recorreu entón a un segundo produto máis agresivo. A día 19 de setembro, coas clases xa comezadas, Sanidade aínda non ten decidido se vai permitir abrir o servizo de comedor.

O resultado desta falta absoluta de previsión por parte da Xefatura Territorial son medio millar de alumnos que asisten a clase por segunda semana consecutiva sen ter dispoñible o servizo de comedor. Isto obriga aos pais a recorrer a veciños e familiares ou incluso a contratar a alguén para lograr conciliar o seu horario laboral co coidado dos nenos e nenas. Tamén o horario dos autobuses tivo que ser re-axustado e o alumnado da ESO está tendo menos horas lectivas.



En definitiva, a mala xestión da Xefatura Territorial e a súa inescusable improvisación á hora de abordar un tema tan serio como é o dereito dos alumnos e alumnas a dispoñer dun comedor no que recibir unha alimentación axeitada, foron o desencadéante dun desorde que afecta a gran parte da cidadanía da Cañiza.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Por que a Xefatura Territorial no actuou inmediatamente cando soubo o que sucedía?
- 2.ª) Por que non se habilitou ningunha alternativa para os rapaces e rapazas? A Xuntan non conta con protocolos para casos como este?
- 3.ª) Que medidas pensa tomar o Goberno para garantir que algo semellante non volve a suceder?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 20/09/2017 12:48:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2017 12:53
Nº Registro: 17026
Data envío: 20/09/2017 12:53:03.201



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/09/2017 12:48:21

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 11.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.6 17223(10/POC-002942)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre os datos referidos ás xuntanzas levadas a cabo pola Xunta de Galicia coa fundación encargada da xestión das visitas ao pazo de Meirás, así como os expedientes abertos polo incumprimento da normativa vixente ao respecto

Publicación da iniciativa, 183, 28.09.2017



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Segundo afirma algún medio de comunicación, a Xunta de Galicia mantivo, cando menos, unha reunión con representantes da Fundación Francisco Franco, afirmación que foi confirmada polo presidente Feijoo.

Dende logo, non deixa de ser rechamante que un goberno democrático manteña reunións cunha Fundación profranquista, e non chama menos a atención polo feito de que a Consellería de Cultura diga que a reunión se produciu no “ámbito do expediente” aberto polo incumprimento de la familia Franco do réxime de visitas públicas ao Pazo de Meirás. O responsable do cumprimento da Lei de Patrimonio e das visitas é a familia Franco, e polo tanto entendemos que o expediente abriuse contra ela, non contra a Fundación Francisco Franco, o que abre múltiples incógnitas sobre esta reunión e a actitude da Xunta neste tema.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cantas veces se reuniu a Xunta da Galicia coa Fundación Francisco Franco? En que datas?
- 2.^a) Quen participou nas reunións tanto por parte da Xunta como a Fundación Francisco Franco?
- 3.^o) Cal foi o motivo exacto desta ou destas reunións?



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4.^a) Si se refería ao expediente aberto a familia Franco, por que se reuniron coa Fundación?

5.^a) Cantos expedientes abriu a Consellería de Cultura polos incumprimentos da Lei de patrimonio no Pazo de Meirás?

6.^a) Estes expedientes abríronse á familia Franco ou a Fundación Francisco Franco?

7.^a) Si o motivo da reunión era o expediente aberto a familia Franco, por que se reuniron coa Fundación Francisco Franco?

8.^a) Presentouse a Fundación Francisco Franco como representante oficial da familia Franco?

9.^a) Presentaron algún documento oficial ao respecto desa representación?

10.^a) Con relación ao expediente aberto polas visitas ao pazo de Meirás, reuniuse a consellería con alguén máis?

11.^a) De que se falou nesta reunión ca Fundación Francisco Franco? Chegaron a algún acordo?

12.^a) Sabía a Xunta de Galicia que a Fundación Francisco Franco estaba a xestionar as visitas ao Pazo?

13.^a) Si o sabía, comunicou a Fundación o seu rechazo e negativa a que fora a Fundación a encargada das visitas?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2017 17:06
Nº Rexistro: 17223
Data envío: 21/09/2017 17:06:26.843



 [Grupo Parlamentario](#)

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 21/09/2017 16:51:14

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 21/09/2017 16:51:22

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 21/09/2017 16:51:32

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 11.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 11.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.1 16474(10/PNC-001391)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de mantemento e recuperación do monumento de Santalla de Bóveda coa dotación orzamentaria necesaria para o seu desenvolvemento

Publicación da iniciativa, 178, 20.09.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.ª.**

Exposición de motivos

Na pequena localidade lucense de Bóveda pervive, case milagrosamente, un monumento, na actualidade coñecido como Igrexa de Santa Eulalia de Bóveda, posto en pé entre os séculos III e IV e convertido máis adiante en igrexa cristiá. Estivo accesible ata o século XVIII, pero despois ficou oculto cando se construíu a igrexa parroquial.

Hai diversas teorías sobre o seu uso primitivo: pequena igrexa visigótica asentada sobre unha edificación romana; edificio dedicado ás ninfas, templo nínfeo dedicado a algunha divindade pagá, pode que á deusa Cibeles ou a outros deuses como Dionisio. O que si hai é coincidencia en sinalar que se trataba dun edificio pagán.

As investigacións de arqueólogos, historiadores, arquitectos, son numerosas e ben importantes. Todas coinciden no seu espléndido valor patrimonial e histórico. Trátase dun monumento excepcional, único en Europa, tanto pola súa beleza arquitectónica como pola rica pintura mural que perviviu grazas a que o monumento estivo séculos soterrado por completo.

Descubriuno o sacerdote (José María Penado) en 1914. O achádego fíxose público no ano 1926. Comezaron as visitas de especialistas da Real Academia



Galega e arrancaron as escavacións baixo a dirección de Luis López-Martí. Foi obxecto de moitos estudos e actuacións e ata se achegaron arqueólogos xermanos. No 1931, foi declarado Monumento Histórico-artístico Nacional. Trala aprobación da Lei 10/1985 do Patrimonio Histórico Español, ten a consideración de BIC. Delimitado con protección integral no ano 1997.

O acceso a este monumento excepcional, realízase a través dunha porta cun arco de ferradura que está considerado como o máis antigo da península ibérica e probablemente de Europa. De forma sorprendente, nas paredes aínda en pé conserva unhas pinturas murais de escenas de paxaros.

Trátase dun edificio semi soterrado e dunha soa planta, manténdose toda a estrutura agás o teito. O seu valor é de tal magnitude que consideramos que xa que conta co nivel de protección integral deberan tomarse medidas de conservación e mantemento de primeira índole.

Ao longo dos anos realizáronse diversas actuacións e intervencións para preservar Santa Eulalia de Bóveda. Con todo, o monumento estivo abandonado polo desleixo dos seus responsables e o retraso das obras que foron licitadas. Ao longo do tempo foron necesarias diferentes intervencións con resultados non sempre satisfactorios. A Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria que é a encargada de preservar este ben único, debe esixir informes de restauradores con bagaxe e controlar as actuacións das empresas que realicen os traballos.

Houbo intervencións moi valiosas como a levada a cabo polos arquitectos Manuel Gallego Jorroto e César Portela, a pechadura parcial do edificio abovedándoo.



Con todo a parede de entrada, que consta do arco e dúas fiestras, permanece aberta e á intemperie, sendo un área de entrada de choiva ou vento que sen dúbida ten un impacto no interior onde se achan as pinturas. Causa desolación ver parte das paredes e o chan da piscina cuberto de lidro, sinais dunha crecente humidade que baixo o noso punto de vista supón unha seria ameaza para o mantemento das pinturas do mural. A capilaridade das paredes é evidente posto que a pedra encheuse de lidro.

Unha observación detallada das pinturas deixa entrever que unha das paredes posúe cores máis rechamantes e intensas mentres que, no outro lado, presentan un perfil máis apagado.

Como sinalamos, o teito abovedado protexe as pinturas das inclemencias do tempo, pero non así a área de entrada ao monumento que está nun nivel máis baixo que a calzada da aldea na que se sitúa. Para acceder a Santa Eulalia hai que baixar un tramo de escaleiras de pedra á intemperie, a modo de rampla de entrada e que é unha vía clara de filtración de auga de choiva, especialmente na época invernal. O feito de que a porta con arco e as fiestras carezan de toda protección permanecendo abertas, son elementos de permeabilidade de vento e choivas.

Desde a nosa óptica, unha xoia monumental destas características, case única, debería ser obxecto dun maior nivel de protección a fin de preservar por moitos máis séculos este legado. Consideramos que existe un preocupante problema de humidade que non se abordou coa intensidade que se debería e ao que só se deron solucións parciais. Cremos, así mesmo, que existen elementos ou materiais coñecidos con seguridade por expertos na materia que mellorarían o nivel de protección de Santa Eulalia de Bóveda.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16474
Data envío: 13/09/2017 19:20:01.393



De acordo coa Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia corresponde á propia Comunidade Autónoma. Unha competencia que, tendo en conta o estado de conservación do monumento, entendemos non se está exercitando axeitadamente.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer un Plan de mantemento e recuperación do patrimonio de Santa Eulalia de Bóveda que consigne os recursos orzamentarios necesarios.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/09/2017 19:16:23

Luca Chao Pérez na data 13/09/2017 19:16:29

Luis Villares Naveira na data 13/09/2017 19:16:38

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 11.10.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.2 16981(10/PNC-001413)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre o traslado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos centros educativos da información referida á realización das probas da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade do alumnado que está a cursar 2º de bacharelato na actualidade

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A Orde ECD/1941/2016, do 22 de decembro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da Avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU), as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2016/2017 (BOE do 23 de decembro), establece no seu artigo 7 as probas e a tipoloxía de preguntas que compoñerán as probas, especificando o seguinte:

- 1) Preferentemente, as probas se contextualizarán en contornas próximas á vida do alumnado: situacións persoais, familiares, escolares e sociais, ademais de contornas científicas e humanísticas.
- 2) Cada unha das probas conterá preguntas abertas e semiabertas que requirirán do alumnado capacidade de pensamento crítico, reflexión e madurez. Ademais destes tipos de preguntas, poderanse utilizar tamén preguntas de opción múltiple, sempre que en cada unha das probas a puntuación asignada ao total de preguntas abertas e semiabertas alcance como mínimo o 50 %.
- 3) Para os efectos da presente orde, as categorías de preguntas defínense da seguinte maneira:
 - a) De opción múltiple: preguntas cunha soa resposta correcta inequívoca e que non esixen construción por parte do alumnado, xa que este se limitará a elixir unha de entre as opcións propostas.
 - b) Semiabertas: preguntas con resposta correcta inequívoca e que esixen construción por parte do alumnado. Esta construción será breve, por



Grupo Parlamentario

exemplo un número que dea resposta a un problema matemático, ou unha palabra que complete unha frase ou dea resposta a unha cuestión sempre que non se facilite unha listaxe de posibles respostas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- c) Abertas: preguntas que esixen construción por parte do alumnado e que non teñen unha soa resposta correcta inequívoca. Englóbanse neste tipo as producións escritas e as composicións plásticas.

Ademais, o artigo 8 e para o contido das probas establece que polo menos o 70 % da cualificación de cada proba deberá obterse avaliando estándares de aprendizaxe seleccionados entre os definidos na matriz de especificacións da materia correspondente, que figura no anexo I desta orde ministerial e que inclúe os estándares considerados esenciais. As administracións educativas poderán completar o 30 % restante da cualificación avaliando estándares dos establecidos no anexo I do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

Durante o curso pasado, 2016/2017, existiu unha enorme incerteza nos centros educativos nos que se imparte o Bacharelato como consecuencia da tardanza na publicación da normativa necesaria para o acceso á Universidade do alumnado.

De feito, ata a publicación da Resolución conxunta do 21 de febreiro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2016/17, da Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) para o curso 2017/18 no DOG do 27 de marzo de 2017, non existía na nosa Comunidade Autónoma ningún referente legal.

Neste inicio de curso 2017/2018 existe de novo unha gran preocupación entre o profesorado que imparte o 2º curso de bacharelato posto que a estrutura e o contido das probas parecen destinados a sufrir unha fonda transformación.

No sentido anterior, o profesorado necesita ter referentes para informar e preparar o alumnado adecuadamente para a superación desas probas.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 17:01
Nº Rexistro: 16981
Data envío: 19/09/2017 17:01:24.038



Grupo Parlamentario

Sobre a base do anterior o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, de xeito inmediato, informe aos centros educativos de como van ser as probas da ABAU do alumnado que está a cursar 2º curso de Bacharelato neste momento.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Mat3nez na data 19/09/2017 16:56:51

Mar3a de la Concepci3n Burgo L3pez na data 19/09/2017 16:57:02

Xoaqu3n Mar3a Fern3ndez Leiceaga na data 19/09/2017 16:57:12